



De esq. a dta: Alfredo Erias, director do Anuario, a Alcaldesa, María Faraldo, e Andrés Pena Graña, doutor en Arqueoloxía e Historia antiga, que foi o encargado da presentación do Anuario / ARUME

A edición 32 do Anuario Brigantino xa está na rúa

REDACCIÓN / Betanzos

O Anuario Brigantino de 2009, o número 32 desta publicación, xa está na rúa. O encargado da súa presentación, nun acto no que o público encheu Aula de Cultura, foi o doutor en Arqueoloxía e Historia Antiga pola USC e membro do Comité Científico do Anuario, Andrés Pena Graña, que estivo acompañado pola Alcaldesa, María Faraldo, e polo director do Anuario e do Museo das Mariñas, Alfredo Erias.

Durante a presentación, os tres destacaron a importancia desta publicación e remontáronse ás súas orixes destacando a importante labor de Francisco Vales

Villamarín na posta en marcha do Anuario.

Támén destacaron o feito de que o Anuario, ademais da súa edición impresa, esta de forma gratuita á disposición de calquera persoa en calquera parte do mundo, a través da súa edición en Internet.

Un repaso polos traballos publicados nesta edición e o recordatorio ás persoas desaparecidas en 2009 vinculadas á cultura e a Betanzos e o agradecemento a cantos se ocupan de facer posible que o Anuario Brigantino saia á luz cada ano completaron os discursos da presentación, na que se destacou a calidade dos traballos e a valía dos seus autores.

Nace en Betanzos o Padroado Fragas do Mandeo para protexer e conservar a flora e a fauna das beiras do río

REDACCIÓN / Betanzos

O pasado 3 de setembro presentouse no local da Asociación Lar de Unta o Padroado Fragas do Mandeo, un proxecto que nace coa vocación de conservar a flora e a fauna das beiras do Mandeo.

Á fronte do Padroado atópanse Carlos Silvar, autor das guías de fauna e flora da editorial Baía; Antón Vázquez, biólogo que está a traballar na recuperación da raza autóctona de cabalo galego e Fernando Bandín, naturalista e coautor do libro "Fotógrafos de la Naturaleza".

Os tres levan anos comprometidos coa conservación da natureza, tal e como salientou o Presidente de Lar de Unta, Leo Antelo, durante a presentación.

Fragas do Mandeo constitúese como "unha entidade custodiana da natureza mediante a adquisición de fincas para incorporalas á tarefa de conservar os espazos naturais da comarca das Mariñas, da súa paisaxe, da fauna e da flora", explicaron.

Para a adquisición de fincas, a fundación pon a disposición dos seus colaboradores distintos modos de achegas económicas: particulares, entidades sociais, empresas, etc. O colectivo dispón da páxina web: fragasdo-mandeo.wordpress.com



Xabier López, á dereita, e Santiago Jaureguizar durante a presentación de "Os Libros Prestados" / ARUME

Xabier López López presenta en Betanzos "Os libros prestados"

REDACCIÓN / Betanzos

"Un libro moi plástico, no que se "escoitan" moitas cousas, de lectura agradable e tamén de lectura intelixente, sorprendente e orixinal...". Estas son algunhas das reflexións sobre "Os libros prestados" (Galaxia) que o editor, Carlos Lema, e o escritor Santiago Jaureguizar lle adicaron á última publicación de Xabier López López.

O autor bergondés acaba de presentar en Betanzos, da man da Asociación Cultural Eira Vella, da que foi presidente, o seu noveno libro, "Os libros prestados". Catro relatos nos que se fala de libros, pero no que estes non son os protagonistas, como ben explicou o seu autor: "o título xoga ao equívoco, non é un libro que fale sobre libros, o impor-

ante non son os libros, senón as historias que nos fan vivir".

Lema e Jaureguizar destacaron a capacidade de Xabier López para a descrición: "hai descrições tan precisas que mesmo se poden escoitar sonidos..." e tamén para variar enfoques: "son catro relatos diferentes, casi catro novelas condensadas, nos que podemos apreciar un narrador maduro", dixeron.

López salientou os vencellos de amizade que o unen a Lema e a Jaureguizar e incidiu nas dificultades que atravesou o mundo editorial: "cada vez que publicamos un libro é unha conquista". "Os libros prestados" é a novena publicación de López, autor que leva colleitado xa varios premios, e o primeiro de relatos tras sete exitosas novelas e un conto infantil.

"AS MARIÑAS"
www.mueblesasmarinas.com

MODERNO
CLÁSICO
JUVENIL

MOBILIARIO
DISEÑO

CI!

MUEBLES DE HOGAR
MUEBLES DE COCINA

Rúa das Mariñas, 11 - bajo
La Coruña

Tel: 981 775221
Betanzos

2 gafas
de quala
distinta graduación
97€
combina

Compártelas
si quieres...

Valdancia, 2
T: 981 771 504
T: 5100 Betanzos
A. Coruña

MULTIOPTICAS